

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Alcaián

Onde hoxe chaman Braña Rubia, en Seavia, Coristanco (A Coruña) houbo unha vila chamada Alcaián ou Alcaán. Agora está asolagada nun pozo moi fondo a unha profundidade de sete adivais. Cóntase que se asulagou cando Xesús Cristo e San Pedro andaban polo mundo de esmoleiros. Pediron pousada en moitas casas da vila de Alcaián e en ningunha llela quixeran dar. Mesmo lles encirraron os cans. Entón Xesús Cristo dixo:

Adeus, vila de Alcaián
que me encirraches os cans.

Afundiraste
e nunca arriba volverás.

Outros opinan que o que dixo Xesús Cristo foi isto:

Afúndete vila e érguete can,
Hoxe es vila e mañá serás braña.

Tamén hai a opinión de que a causa do afundimento foi que un día o santo de Alcaián aborrecese con todos os veciños e dixo:

Pobo de Alcaián,
antes eras vila
e agora queres ser brañal.

E afundiuse Alcaián, e os que se poñan enriba de onde estaba tamén se van ao fondo. Algunhas veces os veciños de Salgueiras e os de Mira escoitan tocar as campás, ladrar os cans e cantar os galos ás doce da noite de Noiteboa ou o día de San Xoán.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e RIAL LEMA, R. M^a., A cultura popular en Coristanco, Imprenta San Cristobal, Baio, 1997.

MONTEAGUDO, L. «Palafitos. Problemas y leyendas», Revista de Dialectología y Tradiciones populares, Tomo XIII, Madrid, 1957.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Alcaían], Xerais, Vigo, 1999.

GARCÍA MARTÍNEZ, M. C., «Alcaían», Gran Enciclopedia Gallega, tomo I, Silverio Cañada, Santiago, 1974.

VAQUEIRO, Vitor, Guía da Galiza máxica, Galaxia, Vigo, 1998.

COMENTARIOS ENVIADOS

esta e a historia mais bonita que lin na miña vida e alcaian e o sitio mais bonito que vin

Enviado por anonimo o 01/02/2008 ás 14:14:05